

INSTRUCCIÓN SOBRE A APLICACIÓN DA REDUCIÓN DE XORNADA ACORDADA PARA O ANO 2024.

Por Orde da Consellería de Sanidade do 29 de xuño de 2023 publicouse o Acordo do Consello da Xunta polo que se aprobaron melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (*DOG* do 30 de xuño), con base no acordo asinado na Mesa sectorial, o 20 de abril de 2023, polos representantes da Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF, UGT e SATSE.

Co Acordo aprobouse a seguinte redución paulatina da xornada ordinaria nos seguintes colectivos:

1º.- Para o persoal con quenda fixa diurna regulada no Acordo de Concertación Social (ACS) do ano 2001 (*DOG* do 19 de marzo), ou persoal asimilable nas condicións horarias: unha redución progresiva da xornada ordinaria realizada na quenda de sábado, coa seguinte secuencia: 21 horas de redución no ano 2023, outras 49 horas de redución no ano 2024 e, finalmente, 42 horas máis de redución no ano 2025.

2º.- Para o persoal con horarios especiais e rotación en quendas: unha redución neta sobre a xornada vixente que resultaría da táboa prevista no dito Acordo de concertación social, coa mesma antedita secuencia: 21 horas no ano 2023, 49 horas no ano 2024 e 42 horas no ano 2025. A mesma redución establécese para a xornada ordinaria do persoal con acordos específicos de PAC (incluíndo PSX), médicos de urxencias e persoal residente.

Así tamén contéplanse as actuacións para os colectivos de persoal facultativo de atención hospitalaria (FEA, médico/a de admisión, médico/a de HADO), médico de familia e pediatra de atención primaria, FEAP (na súa xornada ordinaria como médico/a de familia), para os que se mantén durante a vixencia do acordo a obriga de facer as xornadas programadas de sábados, se

ben se contempla unha retribución pola prestación neste día por 10 sábados como máximo (xuntando as xornadas correspondentes ao ano 2023 e 2024) .

Para executar esa redución garantindo a atención á cidadanía, procurando un tratamento igualitario entre os diferentes colectivos, pero atendendo ao mesmo tempo aos diferentes supostos de regulación de xornada existentes nas institucións sanitarias, así como á existencia de categorías con dificultades de cobertura por insuficiencia de persoal titulado, por instrución deste centro directivo do 29 de xuño de 2023 concretáronse determinadas medidas para a aplicación da redución de xornada correspondente a este ano.

Neste intre, e coa finalidade de preparar a programación da xornada do ano 2024 con esa nova redución de 49 horas -70 horas xa de redución acumulada en aplicación do Acordo incluíndo as do ano 2023-, procede anticiparse e establecer uns criterios xerais, semellantes aos daquela instrución, para progresar nesa secuencia da redución da xornada ata o ano 2025.

Para o ano 2024 hai que ter en conta ademais que, a diferenza deste ano 2023, a redución da xornada ordinaria xa se realizará para un ano completo e coa antelación suficiente para poder adaptar os calendarios e as carteleiras de traballo á nova xornada, e tendo en conta tamén o incremento dos cadros de persoal dos próximos orzamentos. Así mesmo, esta antelación permitirá que se axusten debidamente os instrumentos organizativos dos servizos e unidades (como os plans funcionais), dando participación ao persoal, e que as xerencias traten a aplicación da redución de xornada cos órganos de representación de cada ámbito.

Con base no que antecede, para o ano 2024 aplicaranse as seguintes medidas:

1.- Persoal incluído no ámbito de aplicación do réxime de xornada do Acordo de Concertación Social do ano 2001 (ACS) e persoal asimilable.

a) Persoal con quenda fixa diurna: continuarase a reducir a xornada que se realiza en sábado (redución de 49 horas-7 quendas) -sobre a xornada actual de 2023, xa reducida no acordo do 20



de abril e incorporada á instrución do 29 de xuño- para acadar unha xornada ordinaria de 1.575 horas, con independencia da cadencia de sábados que tivera asignada con carácter habitual.

Esta mesma xornada aplicarase ao persoal asimilable ao do ámbito de aplicación do ACS en canto as condicións horarias (enfermaría de Atención Primaria e PSX con quendas de mañá, tarde e deslizantes).

No caso das/dos enfermeiras/os, de non ser posible a cobertura deses sábados por indispoñibilidade de persoal, aboarase unha compensación pola realización de ata 7 sábados (155,89 € por sete horas en cada sábado, ou contía proporcional por horas realizadas), que se acumularán aos 3 sábados correspondentes á redución de xornada do ano 2023.

Cando a cobertura da mañá do sábado sexa en réxime de localización percibiranse 77,98 euros. (por 7 horas).

Noutras categorías, cando as características do servizo ou a actividade realizada en sábado dificulte a substitución, ou sexa previsible que se esgoten as listas de aspirantes de selección temporal, a prestación de servizos nos sábados obxecto da redución compensarase cunha libranza (prioritariamente na semana seguinte e no día que se acorde co/coa profesional).

Cando a redución de 49 horas non poida aplicarse nas quendas de sábado (7), porque a xornada estea a completarse fóra dese día (de luns a venres), a redución aplicarase igualmente neses horarios axustados.

b) Persoal con quendas rotatorias: aplicarase unha redución de 49 horas sobre a xornada que resulta do ACS (a actual do ano 2023, xa reducida no acordo do 20 de abril e incorporada á instrución do 29 de xuño).

Como principio xeral, para a redución da xornada e conseguinte novo deseño dos calendarios de traballo (carteleiras) procurarase unha transición e tratamento, respecto á xornada actual,



equitativos e proporcionais. Particularmente, a aplicación da nova xornada requerirá unha especial planificación para garantir o equilibrio no que se refire a realización de noites, e contará coa participación do persoal das unidades e dando conta ás xuntas de persoal ou comisións de centro do sistema finalmente utilizado para reconfigurar as carteleiras.

A nova táboa de xornada anual efectiva (en función do número de noites e ata a xornada mínima de quenda nocturna de 1.380 horas) é a seguinte:

Resultado baseado na fórmula $X=1571-3N$.

NÚMERO DE NOITES	NÚMERO DE MAÑÁS / TARDES	XORNADA QUE SE DEBE REALIZAR
0	225	1.575
1	223	1.568
2	221	1.565
3	219	1.562
4	217	1.559
5	215	1.556
6	213	1.553
7	211	1.550
8	210	1.547
9	208	1.544
10	206	1.541
11	204	1.538
12	202	1.535
13	200	1.532
14	198	1.529
15	197	1.526
16	195	1.523
17	193	1.520
18	191	1.517
19	189	1.514





20	187	1.511
21	185	1.508
22	184	1.505
23	182	1.502
24	180	1.499
25	178	1.496
26	176	1.493
27	174	1.490
28	172	1.487
29	171	1.484
30	169	1.481
31	167	1.478
32	165	1.475
33	163	1.472
34	161	1.469
35	159	1.466
36	158	1.463
37	156	1.460
38	154	1.457
39	152	1.454
40	150	1.451
41	148	1.448
42	146	1.445
43	145	1.442
44	143	1.439
45	141	1.436
46	139	1.433
47	137	1.430
48	135	1.427
49	133	1.424
50	132	1.421
51	130	1.418
52	128	1.415





53	126	1.412
54	124	1.409
55	122	1.406
56	120	1.403
57	119	1.400
58	117	1.397
59	115	1.394
60	113	1.391
61	111	1.388
62	109	1.385
63	107	1.382
	Quenda nocturna	1.380

*Táboa calculada coas seguintes bases:

ANO 2024			- 49 hs
Días ano		365	
Vacacións	30		
Festivos	14		
Domingos	48		
Sábados	42		(+) 7
LD	6		
Descansos		140	(+) 7
Días laborables		225	(-) 7
Horas anuais máximas		1.575	(-) 49



Determinación de xornada efectiva para persoal con vínculos inferiores ao ano:

- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de duración igual ou inferior aos 31 días: $X(D) = 1575 * D / 329$.

- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de natureza eventual superiores aos 31 días que realicen módulos de noite:

Suposto xeral. $X(D) = 1571 * D / 329 - 3 * N(D)$.

Suposto excepcional (proxección anual de noites superior a 63). $X(D) = 1380 * D / 329$.

c) Persoal PSX dos Puntos de Atención Continuada: aplicarase unha redución neta de 49 horas de xornada.

Nota: Como xa se comunicou tras a Mesa Sectorial do pasado 27 de xuño, no caso do persoal temporal con vínculos sucesivos o cómputo da xornada debe realizarse tendo en conta a totalidade dos nomeamentos encadeados sen solución de continuidade en cada centro de traballo, e non por cada vínculo concreto.

2.- Persoal médico de urxencias hospitalarias e persoal médico e enfermeiro dos Puntos de Atención Continuada.

Sen prexuízo das peculiaridades derivadas do seu réxime de xornada, o Acordo aplicarase da forma seguinte:

- Persoal que traballe en postos de quenda fixa diurna: 1.575 horas.



- Persoal co réxime ordinario de traballo destes colectivos, con sucesión de quendas e prestación en horario de noite: 1.380 horas anuais (125 mensuais, a partir das cales iníciase o cómputo e pago da xornada complementaria).

Nota: Ao dividir 1380/11 resultarían 125,45 horas. Redondéase en 125 horas o inicio do cómputo, sen prexuízo do axuste anual que proceda realizar.

3.- Persoal facultativo de atención hospitalaria (FEA, médico/a de admisión, médico/a de HADO).

Os/as facultativos/as que regularmente e de forma programada veñen realizando sábados de presenza física en quenda de mañá para garantir a adecuada atención permanente ás persoas usuarias, terán unha compensación, como xornada complementaria, dun máximo de 10 sábados ao ano, que son os que corresponden coa redución do ano 2023 (3) e 2024 (7). Así, este persoal, cando preste eses servizos en sábado percibirá por cada 7 horas o prezo da garda de presenza física de 196 euros.

Cando a cobertura da mañá do sábado sexa en réxime de localización percibiranse 98 euros (por 7 horas).

O resto de persoal facultativo que non realice xornada de presenza física en sábados terá unha nova xornada ordinaria de 1.575 horas.

4.- Médico de familia e pediatra de atención primaria, FEAP (na súa xornada ordinaria como médico/a de familia).

A nova xornada ordinaria será de 1.575 horas. A prestación en sábados manterá a cadencia establecida nos servizos cabeceira ou nos centros de saúde que no seu día non se acolleron a

Documento asinado dixitalmente por:
Ana María Comesaña Alvarez (24/11/2023 15:48)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-N4G4-BOAH-OF40-TS6Y-0GDH-WWT5-C170-0837-3168-12>



concentración en cabeceiras. Polo tanto, a prestación será a que corresponda segundo o número de participantes e presenzas establecidas. A redución das 49 horas aplicarase con cargo a quendas de sábado (máximo 7) con independencia da cadencia de sábados que o/a profesional teña asignada con carácter habitual; de ser esta menor non conlevará aumento de sábados. Esta redución en xornada ordinaria que non opera de forma efectiva, conleva unha compensación pola realización de ata 7 sábados no ano (196 € por sete horas en cada sábado, ou contía proporcional por horas realizadas).

A esta haberá que sumar os 3 sábados do ano 2023; polo tanto, a retribución máxima será de 10 sábados con prestación de 7 horas.

O réxime de prestación de servizos en sábado será obxecto de tratamento específico nos instrumentos organizativos dos servizos (como os plans funcionais), con participación do persoal afectado e dando conta ás xuntas de persoal ou comisións de centro.

5.- Persoal residente en formación (MIR, EIR...).

Nova xornada ordinaria de 1.575 horas. A redución das 49 horas aplicarase nas quendas de sábado atendendo ao anteriormente exposto, segundo o caso, para o persoal facultativo e enfermeiro estatutario.

En consecuencia, o réxime de prestación de servizos en sábado do persoal residente de nivel licenciado (MIR, FIR...), cando a veña realizando, será tamén tratado nos instrumentos organizativos dos correspondentes servizos (como os plans funcionais) e coa súa participación.

A programación da actividade do persoal residente en formación realizarase en todo caso dentro do respecto á normativa específica reguladora da súa relación laboral de residencia.





6.- Participación dos órganos de representación do persoal.

A planificación e o desenvolvemento das medidas para aplicar a xornada do ano 2024 será obxecto de tratamento cos órganos de representación do persoal (xuntas de persoal/ comisións de centro).

Santiago de Compostela

A directora xeral de Recursos Humanos

[sinatura dixital á marxe]

Ana María Comesaña Álvarez

